

O PLANO ECONÓMICO-FINANCIERO

Trata de calcular o resultado previsible dunha actividade empresarial, as súas necesidades financeiras e en definitiva o rendemento do negocio.

Para calculalo temos que elaborar varios documentos:

- Conta de perdas e ganancias. Conta de resultados
- Balance
- Fondo de manobra
- Plano de financiamento
- Plano de Tesourería

Conta de perdas e ganancias. Conta de resultados

É o documento que nos indica a previsión do beneficio xerado polo negocio. O beneficio ou as perdas esperadas do exercicio calcúlanse pola diferenca entre os ingresos, que principalmente proveñen das vendas, e os gastos necesarios para a súa realización.

Un modelo sinxelo para a presentación de perdas e ganancias dunha PEME correspondente a un exercicio determinado sería o seguinte:

(Debe) Haber

- **Importe neto da cifra de negocios**
- **Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación**
- **Traballos realizados pola empresa para o seu activo**
- **Aprovisionamentos**

- **Outros ingresos de explotación**
- **Gastos de persoal**
- **Outros gastos de explotación**
- **Amortización do inmovilizado**
- **Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras**
- **Excesos de provisións**
- **Deterioro e resultado por enaxenacións de inmovilizado**

A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN

(1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)

- **Ingresos financeiros**
- **Gastos financeiros**
- **Variación de valor razoable en instrumentos financeiros**
- **Diferenzas de cambio**
- **Deterioro e resultados por enaxenacións de instrumentos financeiros**

B) RESULTADO FINANCIERO

(12+13+14+15+16)

- **Impostos sobre beneficios**

D) RESULTADO DO EXERCICIO (c+17)

O cálculo do resultado do exercicio (beneficios ou perdas) non poderá obterse ata calcular os gastos financeiros que virán determinados polo plano de financiamento e o plano de tesourería. Unha vez realizados estes cálculos

poderemos coñecer os gastos financeiros e indicalos na conta de perdas e ganancias.

Ademais do resultado das actividades ordinarias haberá que ter en conta tamén os resultados de carácter extraordinario que se obtiveron fora das actividades normais da empresa e o importe do imposto sobre beneficios devengado durante o exercicio.

Balance

O balance no é máis ca unha fotografía da situación da empresa nun momento determinado, xeralmente ó 31 de decembro de cada ano.

Divídese en dous grandes apartados:

- **Activo:** é o que a empresa ten e o que lle deben e indícanos cal foi o destino dos fondos de que dispón.

Dentro do activo incluírase o que a empresa adquiriu (local, maquinaria, mobiliario, existencias), o que lle debe a súa clientela e o diñeiro que temos no banco ou na caixa.

- **Pasivo:** é o que a empresa debe e indica cal é a orixe dos fondos de que dispón e como se financiou.

No pasivo figurarán as débedas da empresa, o capital social que puxeron as persoas promotoras da actividade e as reservas que se van creando cando se obteñen beneficios, xa que a empresa debe ese diñeiro a promotores/as, ós préstamos solicitados e ós provedores.

O modelo de Balance dunha PEME ao peche dun exercicio económico é o seguinte:

Balance da empresa X ao peche do exercicio XX

Activo

Patrimonio neto e Pasivo

A) ACTIVO NON CORRENTE

- Inmobilizado intanxible
- Inmobilizado material
- Inversións inmobiliarias
- Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo
- Inversións financeiras a longo prazo
- Activos por Imposto diferido

B). ACTIVO CORRENTE

- Existencias
- Debedores comerciais e outras contas a cobrar
- Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo
- Inversións financeiras a curto prazo
- Periodificacións a curto prazo
- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes

TOTAL ACTIVO (A+B)

A) Patrimonio neto

A-1) Fondos propios

- Capital
- Prima de emisión
- Reservas
- (Accións e participacións en patrimonio propias)
- Resultados de exercicios anteriores
- Outras achegas de socios
- Resultados do exercicio

(Dividendo a conta)-

A-2) Subvencións, doazóns e legados recibidos

B) PASIVO NON CORRENTE

- Provisións a longo prazo
- Débedas a longo prazo
- Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo
- Pasivos por imposto diferido
- Periodificacións a longo prazo

C) PASIVO CORRENTE

- Provisións a curto prazo
- Débedas a curto prazo
- Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo
- Acredores comerciais e outras contas a pagar
- Periodificacións a curto prazo

**TOTAL PATRIMONIO NETO E
PASIVO (A+B+C)**

A elaboración do balance danos a situación patrimonial provisional da nosa empresa o comezo da actividade e ó final de cada exercicio.

Fondo de manobra

Ó longo do proceso produtivo e de comercialización do produto, a empresa vai incorrer nuns gastos que debemos prever. Teremos que dispoñer de materias primas en almacén para utilízalas no proceso de fabricación, teremos produtos en elaboración, debemos almacenar produtos terminados para garantir un bo servizo á clientela e imos realizar vendas a crédito.

Podemos financiar en parte estes gastos a través do crédito que nos conceden provedores nas compras de materias primas, pero unha parte teremos que financiarla a través dos capitais permanentes, é dicir con fondos propios, débedas a longo prazo.

De maneira sinxela podemos establecer o fondo de manobra como a diferenza entre o activo circulante e as débedas a curto prazo.

Activo Circulante - Esixible a Curto = Fondo de Manobra

A empresa terá o seu equilibrio financeiro cando o fondo de manobra sexa positivo, é dicir que parte do activo circulante deberá financiarse con capitais permanentes.

Si o fondo de manobra fose negativo teremos un desequilibrio financeiro que será necesario corrixir.

Plano de financiamento

Calculados o valor do investimento inicial necesario en activos fixos, e as necesidades do fondo de manobra, é necesario decidir como vamos a financiar ambas partidas.

En primeiro lugar, teremos que determinar cal será a achega das persoas promotoras ó capital social. Máis adiante cando a empresa comece a funcionar deberemos prestar especial atención ao financiamento a través de fondos propios: dotación de reservas, fondos de amortización.

A diferenza entre os recursos permanentes que necesitamos e o capital social que aportamos será a débeda a longo prazo da empresa. Para financiar esta débeda debemos acudir principalmente a préstamos a medio e longo prazo e ás axudas ou subvencións.

Plano de Financiamento

| Necesidades | Recursos |
|-----------------------------------|-------------------------|
| Inmovilizado | Capital |
| Gastos de primeiro establecemento | Beneficios |
| Necesidades do fondo de manobra | Amortizacións |
| Outros | Préstamos a medio prazo |
| | Subvencións |

Os préstamos solicitados para facer fronte ás necesidades de financiamento xerarán máis gastos financeiros que deberemos incluír na conta de perdas e ganancias

Plano de Tesourería

Ademais da débeda permanente, é importante que cando iniciemos a actividade da empresa, e como consecuencia das operacións que se realicen, efectuar os pagos ós provedores que subministraron materias primas, ó persoal, haberá uns gastos de desconto de letras...

O plan de tesourería ten por obxecto calcular caes serán os cobros e os pagos previstos para un período determinado e xestionar axeitadamente os superávits e os déficits que se produzan. O cálculo é conveniente realizalo para períodos mensuais

Xaneiro Febreiro Marzo

Saldo Inicial en caixa e bancos

Cobros:

- de explotación
- por vendas
- por IVE
- extraordinarios
- achegas ó capital
- outros ingresos

Total Cobros (2)

Pagos:

- de explotación
- provedores
- impostos
- gastos de persoal
- IVE
- Imposto de sociedades
- Gastos financeiros
- Outros gastos
- Total pagos de explotación
- extraordinarios
- Provedores de bens de activos fixos
- Reembolsos de préstamos

Total Pagos (3)

SALDO (1+2+3)

O Punto de Equilibrio

O punto de equilibrio é aquel nivel de actividade no que a empresa consegue cubrir a totalidade dos seus custos, tanto fixos como variables, obtendo un beneficio cero.

Por debaixo de dito punto a empresa xera perdidias

Por encima, a empresa sitúase en beneficios

A fórmula que permite calcular dito punto de equilibrio é:

$$P * X = CF + (Cv * X)$$

Onde:

P: é o prezo de venda de cada unidade de produto

X: é a cantidade vendida

CF: son os custos fixos da empresa

Cv: é o custe variable por unidade de produto